

I CONCURSO INTERNACIONAL DE *PLAYBACKS*

do Entroido Meco

(Patrocinado por Emgrobes)

O Grove, 10 de febreiro de 2016

BASES

Con motivo da celebración do Entroido 2016, o Concello do Grove convoca o I Concurso de *Playbacks* segundo as seguintes bases:

Primeira. O concurso terá lugar o **mércores 10 de febreiro ás 19.00 horas** na Carpa do Entroido instalada na praza do Corgo. A organización habilitará o espazo para dispor dun escenario e do equipo de son e iluminación adecuado.

Os participantes deberán preparar unha actuación en *playback* de entre 5 e 10 minutos empregando un ou varios temas musicais que escollan.

As actuacións serán presentadas por rigorosa orde de inscrición e os participantes deberán respectar en todo momento as indicacións dos membros da organización.

Segunda. Poderán participar no concurso rapaces e rapazas de entre 12 e 18 anos. Para participar é preciso realizar a inscrición, que será gratuíta. Esta poderá formalizarse na Carpa do Entroido **entre as 17.00 e as 19.00 horas** cubrindo a correspondente folla de inscrición e presentando a canción ou montaxe musical coa que queiran actuar en soporte dixital (CD ou *pen drive*) nun formato adecuado para a súa reprodución en todo tipo de aparellos.

Terceira. Establécense as seguintes **categorías**: individual, parella e grupo (a partir de 3 membros e cun máximo de 8). Elixirase un gañador único en cada categoría, que recibirá un vale de compra para cambiar no comercio local asociado a Emgrobes polo seguinte importe: 50 euros (individual); 100 euros (parella) e 150 euros (grupo). O xurado poderá determinar o nomeamento de accésits nas distintas categorías.

Cuarta. Os membros do xurado serán nomeados pola organización e a súa decisión será inapelable.

O xurado valorará a todos os concursantes facendo fincapé en tres elementos básicos: teatralización, coreografía e caracterización.

O xurado e a organización resérvanse o dereito de declarar deserta algunha das categorías.

Quinta. O Concello do Grove resérvase a potestade de fotografar e/ou gravar os participantes, así como a utilización destas fotografías e gravacións para a promoción deste.

Sexta. Os premios serán entregados ao finalizar o concurso mediante a entrega directa dos vales de compra.

Sétima. O Concello do Grove, como organizador deste evento, pode contratar servizos ou establecer convenios de colaboración para a súa xestión ou realización con terceiros tendentes a mellorar a organización e difusión deste e das actuacións que nel se realicen, tanto por medios audiovisuais e sonoros, radiofónicos, televisivos ou internet, renunciando expresamente os participantes –coa aceptación destas bases– a calquera reclamación por posibles difusión ou explotacións que será, en todo caso, responsabilidade do Concello do Grove.

Oitava. Calquera aspecto non contemplado nestas bases pode ser modificado pola organización, en beneficio do bo funcionamento do concurso.

Novena. A mera inscrición e participación no I Concurso Internacional de *Playback* do Entroido Meco supón a total aceptación de todas e cada unha das cláusulas das presentes bases e o veredicto do xurado.

O Grove, xaneiro de 2016

**ANEXO I. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO
CONCURSO DE *PLAYBACK***

ILMO. CONCELLO
Grove



Poderá solicitarse documentación acreditativa da información indicada na solicitude.

APELIDOS		NOME	
DATA DE NACEMENTO		DNI	
DOMICILIO			TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO			
DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL (pai, nai...), se quen participa é menor de idade			
NOME CO QUE PARTICIPA	CANCIÓN(S)		
A sinatura deste documento supón a aceptación das bases. O Grove, 10 de febreiro de 2016 Sinatura do/a participante (ou do/a representante legal, de ser o caso):			
Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello do Grove relacionados co I Concurso de <i>Playbacks</i>, do Entroido Meco 2016 coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada nesta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral deste concello.			